

# GARA LÓPEZ

## ESTUDANTE DE ESCULTURA E PSICOLOXÍA GESTALT

*“Cando marchei da casa non sabía que quería facer, o que sabía é que Madrid non era para min”.*

*“A idea do que se esperaba de min e a miña dificultade para cubrir as expectativas alleas, impulsoume a cambiar de vida”.*



Ola, chámome Gara, de Garabatos.

Estudo Escultura aplicada ao espectáculo na Escola de Arte Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

Tamén estudo Terapia Gestalt, un estudo que me acompaña a mirar dentro de min, e coidar con mimo o meu mundo interno.

E a derrapar na vida de forma máis elegante.

Levo 9 anos en Galicia, no meu verán dos 17 coñecín Fisterra e decidín quedar a vivir nunha comunidade de artistas e peregrinos. Foi o meu fogar por varios anos e ensinoume, en gran parte, a ondear na xungla da vida.

A idea do que se esperaba de min, e a miña dificultade para cubrir as expectativas alleas, impulsoume a cambiar de vida.

Deixando atrás Madrid, a cidade na que nacín.

Cando marchei da casa non sabía que quería facer, o que sabía é que esa gran cidade non era para min.

Tiña a cabeza chea de ideas, unhas fixéronse realidade, outras non, e a maioría, non sabía nin que podían acontecer.

A día de hoxe, aos meus 26 anos, decidín volver estudar, sigo sen resolver a gran dúbida de “que facer na vida”,

coma se a resposta fose unha única cousa inamovible.

Interésanme moitas cousas na vida como para ter que escoller só unha. Agora, estou mergullada no mundo dos monicreques, hai uns anos, da cociña, a arte sempre me acompañou como amiga fiel, tiven os meus propios proxectos, tamén seguín os de outros, viaxeí e, por momentos, quedei estancada.

Todas estas son versións miñas, son eu, e tamén todas as que están por vir.

Acompañada sempre das miñas increíbles amizades, que forman un fogar ao que acudir.

Gustaríame poder compartir desexos, inquedanzas e medos.

Todas estivemos nese momento, de non saber ben que facer, de non saber como encaixar no que se espera de nós.

E non só pasa unha vez, é unha constante de subidas e baixadas, de dúbidas e decisións por tomar.

E o subidón que dá permitirse non encaixar?

E o ben que senta coñecerse sen ter que limitarse?

Tranquilízame saber que sempre estamos a tempo de tomar un camiño ou outro.





*Sen título.* **Gara López**

Imaxe cedida para poxa  
benéfica a favor de Palestina.